

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- ***INICIATIVA: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE NARÓN***

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

INICIATIVA: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE NARÓN

polos seguintes motivos:

Na actualidade Narón conta cun Regulamento de Réxime interior das instalacións deportivas, que foi aprobado polo Concello Pleno de Narón en data 2 de xuño de 1997. Nestes momentos, e dada a antigüidade do mesmo, resulta oportuno e convinte elaborar un novo Regulamento de Réxime interior de instalacións deportivas, que inclúa as novas instalacións executadas dende entón, así como tamén un apartado que regule a adxudicación de uso de instalacións deportivas. Así mesmo regularase o sistema de baixas para usuarios/as de actividades e clubs, que non asistan ás actividades o non fagan uso das instalacións, por un período superior a tres meses; así como das baixas polo impago de actividades e/ou horas concedidas.